

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 21 DE DECEMBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

PROXECTO DE LEI

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Proxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Covelo do dominio público viario, agás calzada e beiravías, dun treito da estrada PO-261
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Carballeño da estrada OU-172 e dos treitos antigos OU-171 e OU-173 xunto co seu dominio público viario (DPV)

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual na Resolución da Secretaría Xeral da Emigración pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de duasetentas cincuenta (250) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2024/25 nunha universidade galega, por importe de dous millóns cincocentos cincuenta mil euros (2.550.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación das obras de construción da nova sede do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) en Santiago de Compostela, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, por un importe de licitación de seis millóns cento cincuenta mil douscentos noventa e catro euros con catro céntimos (6.150.294,04 €), IVE incluído, e un valor estimado de cinco millóns oitenta e dous mil oitocentos oitenta e sete euros con dezaseis céntimos (5.082.887,64 €). Tramitación ordinaria e anticipada de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba definitivamente a modificación número 2 do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se crea e cualifica como museo a colección de arte da Fundación María José Jove.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social e Xuventude a adquirir compromisos de carácter plurianual e a exención das garantías ao abeiro do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta benvida, nos supostos de xestación, nacemento, adopción, garda con fins adoptivos ou acollemento familiar permanente no ano 2024 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS403B). Importe total: trinta e un millóns catrocentos noventa e catro mil setenta e un euros (31.494.071,00 €). Tramitación anticipada do gasto.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, por un importe de cento dezaioito millóns douscentos un mil trescentos doce euros con trinta e seis céntimos € (118.201.312,36 €) e un valor estimado de cento setenta e sete millóns novecentos viente mil seiscientos corenta e tres euros con trinta e tres céntimos (177.920.643,33 €).
- Acordo polo que se aproba a modificación dos estatutos da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra de reforma integral e ampliación do centro de saúde e unidade de saúde mental de Conxo en Santiago de Compostela, susceptible de cofinanciamento nun 60 % no marco do programa Galicia Feder Galicia 2021-2027, por un importe total de licitación de 5.255.635,00 (con 21 % IVE) e un valor estimado de 4.343.500,00 € (sen IVE). Tramitado como anticipo de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural para a exención da achega de garantías ás persoas beneficiarias de pagamentos a conta das axudas concedidas ao abeiro da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o exercicio orzamentario 2024 por un importe de tres millóns cincocentos corenta e catro mil euros (3.544.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza á Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) da Consellería do Medio Rural á exención da achega de garantías na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a execución de proxectos innovadores dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC (PEPAC) 2023-2027, convocadas para o ano 2024, e con tramitación anticipada de gasto, (código de procedemento MR331B,) por importe de dous millóns cincocentos dez mil euros (2.510.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia para a promoción e a mellora da comercialización do mexillón certificado D.O.P. no ano 2024, por un importe total de cento sesenta mil euros (160.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual (2024-2026), por importe de noventa e catro mil oitenta euros (94.080 €), e a modificación da porcentaxe sinalada para o importe conxunto dos pagamentos a conta no artigo 62.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia en relación coa orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan catro bolsas de formación de persoal auxiliar en materia de investigación mariña, tramitada como expediente anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Deliberación sobre o Proxecto de decreto de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre o balance das bonificacións no transporte público autonómico no ano 2023.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre a convocatoria de axudas para o fomento das razas autóctonas galegas do ano 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE RECURSOS NATURAIS E ACORDA A SÚA REMISIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA

- Galicia avanza para contar cunha lexislación de referencia no aproveitamento dos recursos naturais e que permita seguir dando pasos na transición cara a unha economía máis sustentable
- Unha das principais novidades consiste na integración dun estudo de impacto socioeconómico dos proxectos que impliquen a produción de enerxía renovable e as concesións de augas e minaría

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o proxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia e acordou a súa remisión ao Parlamento de Galicia.

Logo do período de audiencia e información pública, así como da emisión dos distintos informes, a Xunta introduciu unha serie de propostas que melloran a claridade e precisión do texto co obxectivo de achegar unha maior seguridade xurídica.

Galicia segue dando pasos para contar cunha lexislación de referencia no aproveitamento dos recursos naturais tanto desde o punto de vista da sustentabilidade -velando por que se lles asignen usos óptimos e con vocación de perdurar no tempo- como do retorno social -poñendo esta riqueza ao servizo dos galegos-. Á vez, é un instrumento para avanzar no contexto actual da transición cara a unha economía máis sustentable.

Esta norma busca aproveitar a abundancia dos recursos naturais de Galicia para reter na Comunidade o beneficio ambiental económico e social dos proxectos que impliquen a produción de enerxía renovable e as concesións de augas e minaría.

Así, unha das principais novidades consiste na integración dun estudo de impacto socioeconómico nestes proxectos, independentemente de que precisen de avaliación ambiental, valorando beneficios como a mellora no medio ambiente da zona, a creación de emprego, o desenvolvemento das pemes locais, a redución do custo enerxético aos consumidores locais ou a inclusión dos actores do territorio como investidores dos proxectos, entre outros.

O anteproxecto tamén contempla a participación da Administración nos proxectos mediante sociedades mercantís privadas; o establecemento de instrumentos financeiros para apoiar as iniciativas tales como préstamos, garantías ou incentivos fiscais; a introdución do canon á eólica mariña, cuxos beneficiarios serán os concellos afectados e o sector pesqueiro; un fondo con achegas públicas e privadas para financiar actuacións de recuperación das zonas afectados por incendios; unha regulación específica para facilitar o autoconsumo nas áreas empresarias; a creación dun mercado voluntario de créditos de carbono; e un plan de valorización integral de residuos con alto potencial de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

biometanización. Ademais facilita o impulso de infraestruturas relacionadas coa mobilidade eléctrica.

Esta normativa axudará a dinamizar o medio rural, pois a localización de proxectos empresariais de interese común que repercutan de xeito positivo no territorio contribuirán a combater o despoboamento, a degradación dos espazos naturais e permitirán loitar contra os efectos do cambio climático. En definitiva, aumentará a resiliencia do propio medio rural, pero tamén o da sociedade no seu conxunto, xa que os proxectos facilitarán a dinamización social, non só polo emprego directo, senón polas compensacións que se establezan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE COVELO DUN TREITO DA ESTRADA PO-261 INTEGRADO NO TECIDO URBANO DO MUNICIPIO

- Transfírese á entidade local o dominio público, agás calzada e beiravías, do treito de 580 metros desta estrada situado entre os quilómetros 11+870 e 12+450, con múltiples accesos a rúas municipais e con marxes acoutadas polas edificacións
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade, o Concello de Covelo terá a competencia para actuar no dominio público desta vía e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Covelo do dominio público viario, agás calzada e beiravías, dun treito da estrada autonómica PO-261 integrado no tecido urbano do municipio.

A entidade local solicitou á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a transferencia dun treito da vía autonómica PO-261, que atravesa solo clasificado como urbano polo instrumento de planeamento urbanístico vixente no Concello de Covelo.

Así, a Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade do treito de 580 metros de lonxitude da PO-261, comprendido entre os puntos kilométricos 11+870 e 12+450.

A transferencia a prol da entidade local tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O Departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, a administración local terá a competencia para actuar no dominio público viario deste treito con múltiples accesos a rúas municipais e cuxas marxes están acoutadas polas edificacións; e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano do treito da vía municipal obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DO CARBALLIÑO DE DISTINTOS TREITOS DE 3 ESTRADAS AUTONÓMICAS

- Transfírense á entidade local a vía OU-172 de 780 metros de lonxitude, que discorre entre a N-541 e o quilómetro 27+670 da OU-902; e os treitos antigos da OU-902, denominados OU-171 e OU-173, na Esgueva e na Veiga, respectivamente
- A Xunta mantén a titularidade dos nós de conexión da OU-172 e dos treitos antigos OU-171 e OU-173 coa estrada OU-902
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade, o Concello do Carballiño terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Carballiño de distintos treitos en tres estradas autonómicas ao seu paso polo municipio.

Trátase da estrada OU-172, de 780 metros de lonxitude que discorre entre a N-541 e o quilómetro 27+670 da OU-902; e dos treitos antigos da OU-902, denominados OU-171 e OU-173, na Esgueva, e na Veiga, de 1.057 e 680 metros de lonxitude, respectivamente.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á cesión da titularidade destas vías autonómicas. Tamén se establece que os nós de conexión da OU-172 e dos treitos antigos OU-171 e OU-173 coa estrada OU-902 seguirán sendo de titularidade autonómica.

A transferencia destes treitos tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O Departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello do Carballiño terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano dos treitos dos treitos das vías autonómicas obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA POR SEGUNDO ANO CONSECUTIVO AS CONTÍAS DAS BEME MÁSTER PARA ATRAER OS 250 MELLORES EXPEDIENTES UNIVERSITARIOS DO EXTERIOR NA SÚA NOVA CONVOCATORIA

- O Goberno galego autorizou hoxe a nova convocatoria das Bolsas de Excelencia Mocidade Exterior para o curso 2024/25, que buscan facilitar o regreso de universitarios menores de 40 anos e incentivar que fixen a súa residencia e a súa actividade laboral na Comunidade autónoma
- As axudas, que sufragan viaxe, matrícula, aloxamento e manutención, aumentan en 500 euros, ata acadar bolsas de entre 8.000 e 12.500 euros, en función da duración do mestrado e o continente de procedencia do beneficiario
- A Secretaría Xeral da Emigración destinará máis de 2,5 millóns a esta medida, incluída na Estratexia Retorna 2023-2026 e que con esta nova convocatoria terá ofrecido preto de 2.000 oportunidades de retorno a través dunha bolsa

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria das Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (BEME Máster) da Secretaría Xeral da Emigración, cuxa nova edición inclúe un aumento de 500 euros nas contías asignadas a cada unha das 250 axudas. O incremento, elevará o orzamento total desta medida ata os 2.550.000 euros, 250.000 máis (+10,87%) ca na anterior convocatoria.

As contías das axudas BEME Máster para este curso oscilan entre os 8.000 e os 12.500 euros. Este aumento, que varía en función da duración do mestrado e da orixe xeográfica dos beneficiarios, busca compensar os efectos da inflación global e fortalecer o atractivo das bolsas para os titulados galegos de alto rendemento académico residentes no estranxeiro.

Estas cifras pon de manifesto o crecente esforzo financeiro da Xunta de Galicia para apoiar a educación superior e o retorno cualificado.

Esta iniciativa enmárcase na Estratexia Retorna 2023-2026, recentemente aprobada polo Goberno Galego, cuxo obxectivo é facilitar a integración e fixación da poboación galega cualificada procedente do exterior na comunidade autónoma.

Ademais do apoio financeiro, os beneficiarios das bolsas contarán cunha orientación laboral personalizada. Esta axuda adicional ten como finalidade fomentar o retorno activo da poboación en idade laboral e facilitar a súa integración definitiva en Galicia, co respaldo dunha oferta académica alineada coas necesidades do tecido produtivo e laboral da nosa Comunidade Autónoma.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para ser beneficiario destas bolsas, é necesario ser galego por nacemento ou descendente, ter residido no exterior durante polo menos dous anos, ter menos de 40 anos e estar admitido na preinscrición dun dos mestrados ofrecidos polas universidades galegas. As bolsas cubrirán non só os custos de matrícula senón tamén os gastos de viaxe, aloxamento e manutención.

Con esta nova convocatoria, a Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso co talento galego no exterior, ofrecendo preto de 2.000 oportunidades de retorno ata a data actual, coa visión de fortalecer a comunidade galega a través da educación e da integración profesional.

Para ser beneficiario destas bolsas, é necesario ser galego por nacemento ou descendente, ter residido no exterior durante polo menos dous anos, ter menos de 40 anos e estar admitido na preinscrición dun dos mestrados ofrecidos polas universidades galegas. As bolsas cubrirán non só os custos de matrícula senón tamén os gastos de viaxe, aloxamento e manutención.

Con esta nova convocatoria, a Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso co talento galego no exterior, ofrecendo preto de 2.000 oportunidades de retorno ata a data actual, coa visión de fortalecer a comunidade galega a través da educación e da integración profesional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA TRAMITACIÓN PARA A NOVA SEDE DO IMELGA EN COMPOSTELA COA APROBACIÓN DA LICITACIÓN DAS OBRAS POR UN IMPORTE DE 6 M€

- O Consello autorizou hoxe o procedemento coa previsión de que a construción comece no primeiro semestre de 2024 cun prazo de execución de 18 meses
- Dáselle así resposta a unha demanda histórica do organismo ao tempo que se crea un centro de referencia da medicina forense en Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación das obras de construción da nova sede do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) en Santiago de Compostela cun importe de licitación de 6 millóns de euros. Avánzase así na materialización do proxecto deseñado polo arquitecto Alfonso Penela, como gañador do concurso de ideas desenvolvido no marco dun convenio co Colexio de Arquitectos de Galicia.

Segundo a proposta presentada, construírse un edificio formado por dúas alas cunha zona verde entre elas. Cada unha das alas divídese en tres andares con dúas partes que permiten separar as distintas áreas de traballo. Así, no baixo situaranse oficinas e aparcadoiro, no primeiro piso laboratorios e autopsias, e no segundo psicólogos e forenses. A infraestrutura contará tamén cun pequeno soto para acoller instalacións e un arquivo de carácter xeral.

Situada no polígono das Fontiñas, esta nova sede albergará a dirección do Instituto en toda a Comunidade e da subdirección de Santiago de Compostela, unha das sete coas que conta nas distintas cidades galegas. Coa iniciativa o Goberno galego dálle resposta a unha demanda histórica do organismo e pretende converter o edificio nun centro de referencia da medicina forense en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MODIFICA A PLANIFICACIÓN DE SOLO EMPRESARIAL EN GALICIA NOS VINDEIROS ANOS, QUE AFECTA 24 ÁMBITOS EN 18 CONCELLOS E PERMITIRÁ DESENVOLVER 662.000 M² ADICIONAIS

- O Consello aproba a segunda revisión do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAEG) e senta as bases para dotar a Comunidade de superficie industrial axustada ás necesidades reais e coa localización máis axeitada
- Entre os cambios destacan a incorporación de dous parques de nova creación en Mos e As Pontes de García Rodríguez, tres que mudan de localización nos concellos de Cerceda, O Valadouro e Mondariz, e a ampliación de seis que xa estaban previstos
- Tamén se introducen modificacións noutros nove ámbitos empresariais para axustar ou reducir o seu tamaño inicial e adaptalos deste xeito á realidade actual
- A superficie prevista no PSOAEG tras os cambios introducidos abrangue un total de 46,13 millóns de m² –6.100 campos de fútbol– repartidos entre 127 parques

A segunda modificación do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAEG) afecta un total de 24 ámbitos industriais pertencentes a 18 concellos e planifica, entre ampliacións, áreas de nova incorporación e reaxustes na superficie dalgúns dos que xa estaban previstos, un total de 662.321 metros cadrados de solo industrial máis dos que se contemplaban no documento anterior.

O Consello acordou hoxe aprobar definitivamente a modificación do PSOAEG, un instrumento de planificación aprobado pola Xunta no ano 2014 co obxectivo de delimitar e localizar a superficie empresarial necesaria a nivel autonómico e definir á vez aqueles ámbitos territoriais susceptibles de acoller este tipo de desenvolvementos para poder cubrir as necesidades que xurdan neste eido a longo prazo.

O alcance da nova actualización –concibida para axustar as previsións ás necesidades reais e actualizadas da Comunidade– afecta só unha parte dos parques e ámbitos industriais inicialmente previstos no PSOAEG, que ven agora alterada a súa delimitación ben reducindo a súa superficie ou eliminando parte dos seus ámbitos, ben substituíndo algúns deles, total ou parcialmente, por outros nunha localización distinta.

En concreto e con relación ás 24 áreas afectadas pola modificación aprobada esta mañá, cómpre destacar a incorporación ao documento de dous polígonos de nova creación nos concellos das Pontes de García Rodríguez (nos terreos da antiga mina de lignito) e en Mos (en resposta á demanda de solo industrial na área metropolitano de Vigo).

Tamén se aproveita a modificación para introducir seis ampliacións doutros tantos polígonos xa existentes: A Laracha, Carballiño-Maside, O Pereiro de Aguiar, A Estrada, As Neves (Plisan) e Vigo (concretamente, o polígono industrial de Balaídos).

Ademais, modifícase a localización de tres áreas xa programadas –os polígonos de Meirama (Cerceda), O Valadouro e Mondariz– co fin de trasladalas a un emprazamento

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

máis axeitado, porque se prevé unha mellor acollida na nova localización ou porque o traslado poida axudar a salvar algún obstáculo técnico ou loxístico.

Así mesmo, redúcese a superficie inicial prevista para o desenvolvemento doutros nove ámbitos co fin de axustar ou diminuír o seu tamaño e adaptalos deste xeito á realidade actual. É o caso das áreas empresariais de Cabana de Bergantiños, O Corgo, Palas de Rei, a Cidade do Moble da Estrada, Pontecesures, Valga e os parques empresariais de Ameal, A Garrida e Valadares, os tres en Vigo.

Por último, os reaxustes afectan tamén as fases IV e V do polígono industrial do Barco de Valdeorras, das que se prescinde para sumar outros terreos nunha nova localización ao carón do parque existente, e aos vigueses de Matamá-Valadares e Chan de Labrador, que se eliminan.

Cómpre lembrar que desde a entrada en vigor da Lei de áreas empresariais de Galicia, a finais de 2022, a Xunta xa encargou a redacción dos plans estruturantes de ordenación de solo empresarial (PEOSE) correspondentes a tres parques incluídos nesta segunda modificación –A Estrada, Mos e O Pereiro de Aguiar– e en breve licitará os contratos doutros tres –Cabana de Bergantiños, Carballiño-Maside e a ampliación da Plisan–.

Tras a primeira modificación acometida no ano 2018, o PSOAG contemplaba a delimitación de 117 áreas empresariais emprazadas en 104 concellos, abrangendo unha superficie de 45.474.091,19 metros cadrados.

Con esta nova revisión, que entrará en vigor tras publicarse no DOG, a planificación de solo empresarial a nivel galego inclúe agora 127 parques cunha superficie a desenvolver de 46.136.412,19 metros cadrados, equivalente a uns 6.100 campos de fútbol. É dicir, permitirá desenvolver 662.321 metros cadrados máis dos previstos no plan de 2018.

Aposta pola planificación e as bonificacións

A segunda modificación do PSOAG enmárcase nas políticas da Xunta para poñer á disposición do tecido empresarial de dentro e fóra de Galicia solo urbanizado e con todos os servizos para exercer a súa actividade. De feito, a través de Xestur e do IGVS, o Goberno autonómico consolidou a súa posición como o maior promotor de solo industrial de Galicia e o único que aplica rebaixas en todas as parcelas que comercializa.

Neste sentido, cómpre lembrar o esforzo investidor que fai cada ano a Xunta en materia de solo industrial, a través do financiamento de novos desenvolvementos e da aplicación desde o ano 2015 de bonificacións dun 30 % ou dun 50 % –dependendo da localización dos parques– sobre o prezo de venda das parcelas da súa propiedade, cun balance desde entón de máis de 3 millóns de metros cadrados de solo industrial adxudicados e un aforro para as empresas que supera xa os 86 millóns de euros.

Só en 2023, a Xunta adxudicou un total de 233.250,30 metros cadrados polos que as empresas pagaron 20.072.732,43 euros, o que supuxo para as mesmas e grazas aos descontos aplicados, un aforro global de 10.756.453,26 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta aposta do Executivo galego por favorecer o asentamento de novas iniciativas empresariais ou a ampliación das xa existentes reflíctese nos orzamentos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para 2024 en máis de 40 millóns de euros destinados a executar actuacións en 22 polígonos industriais, incluída unha partida de 5 millóns para seguir bonificando o prezo de venda das parcelas dispoñibles nos parques que xestiona a través de Xestur e do IGVS.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A CREACIÓN DO MUSEO DA FUNDACIÓN MARÍA JOSÉ JOVE DARÁ A COÑECER MÁIS DE 600 OBRAS DE ARTISTAS GALEGOS, NACIONAIS E INTERNACIONAIS

- O Consello da Xunta autoriza a cualificación como museo da colección de arte desta fundación coruñesa e a súa integración nunha rede de 87 centros
- Está composta maioritariamente por obra pictórica completada cun importante número de obra escultórica, xunto con debuxos, gravados, fotografías e instalacións

O Consello da Xunta deu luz verde ao proxecto de acordo polo que se crea e cualifica como museo a colección de arte da Fundación María José Jove, o que supón a apertura e accesibilidade a toda a cidadanía dunha gran colección de arte que conta con máis de 600 obras de gran valor artístico, tanto de artistas galegos como de artistas nacionais e internacionais.

A colección de arte da Fundación María José Jove iniciouse na década dos 90 do pasado século pola familia Jove, á que pertence. Concretamente, foi Manuel Jove Capellán (1941-2020) quen comezou a interesarse pola arte. Actualmente atópase en depósito permanente na propia Fundación María José Jove, no concello da Coruña, pezas ás que se suman as adquiridas directamente pola propia fundación. A colección está composta maioritariamente por obra pictórica, a que se completa cun importante número de obra escultórica, xunto con debuxos, gravados, fotografía e instalacións.

Ante a relevancia da súa colección na cultura galega, a Xunta de Galicia recoñece con este acordo a súa creación e cualificación como museo, o que favorece a súa protección e difusión. Deste xeito, o futuro museo integrarase no Sistema galego de centros museísticos, do que forman parte na actualidade un total de 87 centros, dos que 67 son museos e 20 son coleccións museográficas.

Implicacións do recoñecemento

Ademais, isto permitiralle acceder a liñas de axuda públicas, participar en accións formativas de interese para a súa actividade, ter prioridade en accións colaborativas ou en actividades itinerantes, solicitar asesoramento técnico e potenciar a súa difusión a través do portal de Museos de Galicia e as relacións que estableza con outros museos e coleccións museográficas.

Un percorrido pola relación de obras que forman parte da colección abonda para constatar o seu importante valor histórico e artístico, o que a converte nunha das coleccións corporativas de arte máis importantes do ámbito territorial galego. Por unha banda, pola representatividade da arte galega, con obra de autores sobranceiros desde o século XIX aos nosos días, e na que se recolle a gran maioría dos creadores que definen a traxectoria da arte galega ata hoxe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, pola incorporación de autores contemporáneos do ámbito nacional e internacional, incorporación que non é unha mera recompilación, senón unha ampla radiografía dos principais movementos e tendencias que ao longo de máis dun século caracterizaron a arte desenvolvida no país e en Europa. Actualmente, mostra a súa inclinación por procesos de investigación e produción de manifestacións artísticas contemporáneas e vese enriquecida coa incorporación dos artistas vencellados ás distintas convocatorias desenvolvidas pola institución en apoio á creación artística.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O GOBERNO GALEGO CONSOLIDA O APOIO ECONÓMICO ÁS FAMILIAS A TRAVÉS DUNHA NOVA CONVOCATORIA DA TARXETA BENVIDA Á QUE DESTINA 31,5 MILLÓNS DE EUROS

- Esta nova orde de axudas para o ano 2024 inclúe, como novidade, a concesión da tarxeta a mulleres embarazadas a partir da 21 semana de xestación, coa finalidade de que estas familias poidan utilizala para realizar compras previas ao nacemento do fillo
- Outorgarase tamén aos pais que acollan de xeito permanente a un ou mais menores de ata tres anos de idade, co fin de fomentar o acollemento familiar

O Consello aprobou hoxe unha nova convocatoria da tarxeta Benvida para o vindeiro ano á que destina 31,5 millóns de euros. Deste xeito, o Executivo autonómico consolida o apoio económico aos pais que deciden ter un fillo e, a día de hoxe, son preto de 100.000 as familias que xa se teñen beneficiado en Galicia deste programa implantado en 2016 e no que a Xunta leva feito un investimento acumulado de arredor de 200 millóns de euros.

Esta nova convocatoria presenta dúas importantes novidades. A primeira é a concesión da tarxeta Benvida a mulleres embarazadas a partir da semana 21 da xestación, para que estas familias poidan utilizala para realizar compras previas ao nacemento, xa que é un momento no que os pais xa adquiren produtos que necesitarán cando chegue o bebé, por exemplo un berce ou un dispositivo para poder levalo no coche. Ata agora as mulleres embarazadas podían solicitar a tarxeta, pero non se lles concedía ata que nacía o neno, con esta novidade xa terán a axuda durante o embarazo.

A segunda das melloras é a concesión da tarxeta ás familias que acollan de xeito permanente a un ou máis menores de ata tres anos de idade. O obxectivo desta medida é fomentar o acollemento familiar.

Menos papelame

Ademais, no 2024 a Xunta poñerá en marcha medidas para facilitar que as familias non teñan que realizar o trámite ordinario de solicitude da tarxeta Benvida, polo que evitarán o papelame e axilizaranse todos os procedementos.

Con carácter xeral, a contía da axuda que reciben as familias a través deste programa é de 1.200 euros durante o primeiro ano de vida do fillo. Esta cantidade duplícase para o terceiro fillo e sucesivos, e incrementase un 25 % para as familias que viven en concellos de menos de 5.000 habitantes. Así mesmo, a axuda pode estenderse ata os catro anos de vida do neno naqueles fogares especialmente vulnerables.

A tarxeta Benvida forma parte das medidas que o Goberno galego está a impulsar nos últimos anos para apoiar ás familias, tales como: a gratuidade das escolas infantís, as casas niño ou o bono Concilia Familia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O NOVO CONTRATO DE SERVIZO DE TRANSPORTE SANITARIO URGENTE TERRESTRE DO 061 INCORPORA INCREMENTOS SALARIAIS, REDUCIÓN DA XORNADA LABORAL E BENEFICIOS SOCIAIS

- O Consello da Xunta autoriza a contratación cun valor estimado de 177.920.643,33 €, correspondentes ao período comprendido entre os anos 2024 e 2025
- Beneficiará a máis de 1.000 persoas que traballan como técnicos en emerxencias sanitarias nos contratos dependentes do 061
- Incorpora unha ambulancia de soporte vital avanzado de enfermería, con base en Lalín, e unha ambulancia convencional, con base na Veiga
- Auméntase o número de vehículos substitutos e os criterios de adxudicación inclúen un vehículo adicional para o traslado de pacientes con obesidade mórbida

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo de transporte sanitario urgente terrestre pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 cun valor estimado de 177.920.643,33 €, e un orzamento inicial de licitación de 118.201.312,36 €, que se distribuirá en dúas anualidades, correspondentes ao período comprendido entre os anos 2024 e 2025. A entrada en vigor do contrato, que está prevista para o mes de abril de 2024, terá unha duración de dous anos, que poderá prorrogarse por un período máximo dun ano.

O contrato incorporará importantes melloras laborais para técnicos en emerxencias sanitarias, un colectivo formado por máis de 1.000 traballadores na comunidade autónoma galega.

Así, os técnicos en emerxencias sanitarias, que forman parte dos equipos de traballo nas unidades de soporte vital básico (SVB) e avanzado (SVA) da Rede de transporte sanitario urgente de Galicia-061, percibirán beneficios relacionados co reaxuste dos tempos de traballo, que supón unha redución da xornada laboral; compensación das xornadas nocturnas con días de descanso; incrementos salariais; e melloras en beneficios sociais, como a protección da maternidade e as condicións de acceso á xubilación, entre outros. Aspectos, todos eles, recollidos no actual convenio do sector de transporte de enfermos e accidentados en ambulancias de Galicia, asinado no mes de novembro deste ano.

Novos recursos asistenciais

O novo contrato incorpora unha ambulancia de soporte vital avanzado de enfermería, con base no concello de Lalín, e unha ambulancia convencional, con base no concello da Veiga, na provincia de Ourense. O aumento dos recursos asistenciais da Rede de transporte sanitario urgente terrestre optimiza a cobertura destas zonas de grande extensión e dispersión poboacional, que inflúen nas distancias cos seus respectivos hospitais de referencia.

No caso de Lalín, optouse por estender o modelo de ambulancias de soporte vital avanzado de enfermería. Estas ambulancias, que actualmente están presentes nas cidades da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela e Pontevedra, xurdiron no 2019 e máis

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do 96 % das súas asistencias foron resoltas autonomamente, sen necesidade de mobilizar recursos medicalizados. Neste novo contrato dáse o paso de achegar estas ambulancias a outras poboacións semiurbanas con extensa área de cobertura e longas distancias ao hospital de referencia, como é o caso de Lalín, cunha gran dispersión poboacional e distancias ao hospital de referencia superiores aos 50 kms.

No caso da Veiga, dótase unha ambulancia convencional con base e zona de cobertura preferente no mesmo municipio, que contará cun desfibrilador externo semiautomático e un técnico en emerxencias sanitarias con formación no uso do mesmo. Deste xeito, en caso de emerxencia, acúrtanse os tempos ata a masaxe cardíaca e a desfibrilación temperá, reforzando así a reforzar a liña de cardioprotección das zonas rurais que ten funcionado en zonas como Pedrafita ou Folgoso do Courel coa dotación deste mesmo recurso.

Ademais, os pregos do contrato para a prestación deste servizo inclúen unha ampliación dos vehículos substitutos de soporte vital avanzado (SVA), nas áreas de transporte sanitario urxente con tres ou máis vehículos de SVA, e cun vehículos substituto de soporte vital básico (SVB), nas áreas con oito ou máis vehículos de SVB.

Por outra banda, entre as melloras cualitativas deste contrato, destacan a incorporación dun sistema de incentivos da operatividade dos recursos e a oferta, nos criterios de adjudicación, dun vehículo adicional para o traslado de pacientes con obesidade mórbida que garante o traslados destes pacientes cun maior confort e seguridade.

Aumento de cobertura e capacidade

Con este contrato, a Rede de transporte sanitario urxente terrestre de Galicia-061 disporá de 12 ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado medicalizadas, 5 ambulancias asistenciais de SVA de enfermería, dous helicópteros medicalizados, 107 ambulancias asistenciais de soporte vital básico e tres ambulancias convencionais.

Todos estes recursos, mobilizados desde a Central de Coordinación do 061, garanten a asistencia ás urxencias e ás emerxencias extrahospitalarias en Galicia as 24 horas do día, os 365 días do ano.

Consólidanse deste xeito todos os novos recursos incorporados na anterior contratación efectuada no ano 2019 e que incrementaron a cobertura e capacidade do servizo de transporte sanitario urxente ata acadar datos récord de actividade. Así, no ano 2022 houbo un 25% máis de mobilizacións de ambulancias de soporte vital básico que no ano 2008 (60.000 máis, ata as 296.562) e un 46% máis de mobilizacións de ambulancias de soporte vital avanzado (7.000 máis, ata as 22.462).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MODERNIZA A XESTIÓN DA FUNDACIÓN DE MEDICINA XENÓMICA PARA ADAPTALA AOS NOVOS RETOS QUE PRESENTA ESTE CAMPO DA SAÚDE

- O Executivo galego aprobou á modificación dos estatutos da Fundación na procura dun triplo obxectivo: adaptar a estrutura da Fundación aos novos retos que presenta o eido da xenómica; reforzar a súa vertente asistencial; e optimizar o traballo colaborativo entre o conxunto de centros sanitarios galegos
- O novo ordenamento da Fundación Pública de Medicina Xenómica establece unha nova estrutura organizacional -cunha dirección única e unha área de xestión-, redefine as funcións destes órganos, e actualiza a composición do seu Padroado
- Desde o ano 2018, realizou preto de 175.000 estudos personalizados, e destes, un total de 33.841 foron desenvolto durante o presente ano
- A Xunta dotará con 20 millóns de euros a esta fundación para que desenvolva o vindeiro ano o Proxecto Xenoma Galicia, e coa que se identificarán as variables xenéticas de 400.000 galegos e galegas, co obxectivo de avanzar na medicina personalizada e ademais detectar enfermidades dun xeito máis precoz

O Consello da Xunta aprobou esta mañá na súa xuntanza semanal a modificación dos estatutos da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, modernizando a súa xestión de acordo ao novos retos que presenta o campo da xenética, e entre os que se atopa o desenvolvemento do Proxecto Xenoma Galicia.

O novo ordenamento da Fundación procura un triplo obxectivo: adaptar a súa estrutura aos novos retos que presenta o eido da xenómica; reforzar a súa vertente asistencial; e optimizar o traballo colaborativo entre o conxunto de centros sanitarios galegos.

Neste senso, e sobre a reorganización da súa estrutura, a Fundación pasará das dúas direccións coas que conta na actualidade, a unha única dirección e a unha área de xestión. Ademais, tamén se definirán as funcións destes órganos, e actualizarase a composición dos membros que conforman o seu padroado.

Por outra banda, e máis alá da vertente dedicada á investigación da Fundación, os novos estatutos reconfigurarán o seu apartado destinado ás prestacións asistenciais, destacando no seu obxecto a importancia da medicina xenómica para o diagnóstico, pronóstico e tratamento das enfermidades humanas.

Por último, e co ánimo de reforzar o traballo colaborativo entre os centros sanitarios galegos, tamén creará un Comité asesor externo, e incluírase a posibilidade de constituír comités asistenciais e científicos.

A Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica ten por misión a realización de actividades de promoción e protección da saúde dos galegos -garantindo o acceso en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

condicións de equidade a probas xenómicas que sexan de utilidade-, e tamén ser instrumento de apoio á atención sanitaria pública a través do uso de soportes tecnolóxicos para atender a crecente importancia da medicina xenómica na diagnose e tratamento de múltiples doenzas, especialmente nas relacionadas coa herdanza xenética e o cancro.

Entre as súas funcións destacan o garantir o acceso dos cidadáns a probas xenómicas útiles que necesiten, en condicións de equidade; e tamén promover a coordinación cos servizos hospitalarios da rede sanitaria pública de Galicia, tanto na atención primaria como na atención especializada.

Desde o ano 2018, a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica realizou preto de 175.000 estudos personalizados, e destes, un total de 33.841 foron realizados durante o presente ano.

En canto á tipoloxía e ao ámbito sanitarios destas análises realizadas en 2023, as de tipo oncolóxico ocupan o primeiro lugar con máis de 21.500 estudos; as vencelladas a enfermidades hereditarias sitúanse en segunda posición con preto de 10.000, seguidas polos test prenatais non invasivos con 1.500 estudos, e os estudos de tipo farmacoxenético con preto de 1.000 análises.

Galicia á vangarda co Proxecto Xenoma

Durante o vindeiro ano, a Xunta de Galicia porá en marcha o Proxecto Xenoma Galicia, unha iniciativa pioneira en España que recompilará o ADN de 400.000 galegos e galegas, para identificar variantes xenéticas de alto risco e poder así detectar enfermidades antes de que aparezan, diagnosticar de forma precoz e ofrecer tratamentos farmacolóxicos individualizados.

A Fundación de Medicina Xenómica convidará a participar, de xeito voluntario, a persoas con idades comprendidas entre os 35 e os 65 anos. Deste xeito, os participantes só terán que coller unha proba de saliva e depositala nos contedores que se habilitarán nos seus centros de saúde.

Así mesmo, 100.000 destes 400.000 seleccionados, serán convidados a participar cunha mostra de sangue -que se recollerá tamén no seu centro de saúde- nun biobanco de mostras de sangue, plasma e soro que servirá para a investigación e desenvolvemento de fármacos máis adaptados ás características xenéticas galegas, e que permitirá a Galicia tomar parte en ensaios a nivel nacional e internacional.

A Xunta de Galicia reservou para este proxecto unha partida económica de 20 millóns de euros nos seus orzamentos para o ano 2024. Así, ademais da recompilación de ADN e a creación do biobanco, este programa, que situará a nosa comunidade na vangarda da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Medicina personalizada, tamén inclúe a posta en marcha de diferentes cribados que terán por obxecto o previr determinados cancros e enfermidades cardiovasculares.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 5,2 M€ NA REFORMA E AMPLIACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE CONXO

- O Consello da Xunta autoriza a contratación da obra cun prazo de execución previsto de 18 meses
- O Goberno galego investiu máis de 230.000 euros en centros de saúde da cidade de Santiago de Compostela no que vai de lexislatura

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión semanal, a contratación da obra de reforma integral e ampliación do centro de saúde de Conxo, edificio que acolle tamén a unidade de psioxeriatría e dúas unidades de saúde mental, cun investimento de 5.255.635 euros.

O centro sanitario compostelán, que dá servizo a arredor de 5.300 habitantes, verá ampliadas as súas instalacións nunha consulta máis de medicina de familia, outra de enfermaría, unha de farmacia e unha sala de cirurxía menor. A área da unidade de saúde mental pasará a contar con cinco consultas médicas de psiquiatría, tres consultas de psicoloxía, dúas de enfermaría e unha sala de técnicas. Ademais, habilitase unha unidade de psioxeriatría con catro consultas (dúas de psioxeriatría, unha de psicoloxía e unha de traballo social).

A obra, prevista na fase 0 do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria da Consellería de Sanidade, ten previsto un prazo de execución de 18 meses. Para iniciar a execución da actuación, a Xunta ten reservado o financiamento necesario nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024, sendo susceptible de cofinanciamento pola Unión Europea nun 60 % con fondos do programa Galicia Feder 2021-2027.

Ademais de Conxo, nos centros de saúde da cidade de Santiago de Compostela, no que vai de lexislatura, a Xunta destinou máis de 230.000 euros para acadar unhas infraestruturas máis accesibles e amables para os pacientes e facer unha mellora enerxética e lumínica nas mesmas. En concreto, destináronse 147.405,62 euros ao centro de saúde Concepción Arenal, 43.971,43 euros ao de Fontiñas e 43.214,92 euros ao de Vite.

Así, a Xunta investiu 158 millóns de euros en obras nun total de 135 centros de saúde desde 2009.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 3,5 M€ NA CONVOCATORIA DE 2024 ÁS AXUDAS PARA INFORMACIÓN E PROMOCIÓN DOS PRODUTOS GALEGOS CON CALIDADE DIFERENCIADA NO MERCADO DA UE

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe esta convocatoria e aprobou tamén a exención da achega de garantías aos beneficiarios de pagamentos a conta nestas subvencións
- Poderán ser beneficiarias destas subvencións as agrupacións de produtores, considerando como tales os consellos reguladores ou as entidades asociativas sen ánimo de lucro nas que participan produtores
- As actividades subvencionables serán as actuacións de información e promoción que teñan como finalidade inducir ás persoas consumidoras a adquirir produtos galegos de calidade

A Xunta, a través da Consellería do Medio Rural, destinará un total de 3.544.000 euros no exercicio 2024 ás axudas para o apoio ás actividades de información e promoción dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, realizadas por grupos de produtores no mercado interior, é dicir, da Unión Europea. O orzamento total destas achegas nos últimos cinco anos achégase aos 16 millóns de euros.

O Consello do Goberno galego autorizou hoxe esta convocatoria e aprobou tamén a exención da achega de garantías aos beneficiarios de pagamentos a conta nestas subvencións, que xestiona a Axencia Galega da Calidade Alimentaria. O obxectivo é facilitarlles o acceso ás achegas, de forma que poidan cobrar pagamentos parciais sen ter que constituír garantía ningunha para avalar as cantidades cobradas como anticipos.

Os beneficiarios destas axudas poden ser as agrupacións de produtores, considerando como tales os consellos reguladores ou as entidades asociativas sen ánimo de lucro nas que participan produtores. Estes serían os titulares de explotacións agrarias ou de instalacións de transformación implicados nalgún programa de calidade diferenciada dos alimentos.

Actividades subvencionables

As actividades subvencionables serán as actuacións de información e promoción que teñan como finalidade inducir ás persoas consumidoras a adquirir produtos de calidade, isto é, con denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida ou de produción ecolóxica.

Nesta liña, entrarían as campañas publicitarias nos distintos medios de comunicación e outras accións de promoción, tales como catas comentadas, degustacións, presentacións públicas, etc. Tamén serán obxecto de subvención a participación ou organización de feiras e exposicións do sector agrario e agroalimentario ou eventos dixitais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A promoción dos produtos agroalimentarios galegos é unha importante vía para a mellora da súa comercialización, e máis a que se realice fóra das nosas fronteiras, noutros países da Unión Europea, polo que supón de mellora da balanza comercial. Todo o que sexa vender máis e mellor axuda a mellorar as contas da industria agroalimentaria, e polo tanto tamén dos agricultores e gandeiros, polo que estas axudas considéranse do máximo interese para o sector.

Os fondos destas axudas autorizadas hoxe polo Consello da Xunta forman parte dos 6 millóns de euros do Plan de promoción dos produtos alimentarios galegos para 2024 xestionado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 2,5 M€ EN 2024 A FINANCIAR PROXECTOS DE GRUPOS OPERATIVOS PARA A INNOVACIÓN NO AGRO GALEGO

- O Consello do Goberno galego autorizou a convocatoria das axudas da Consellería do Medio Rural a proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), así como a exoneración aos beneficiarios da obriga de presentar avais bancarios para poder cobrar pagamentos parciais
- A finalidade destas achegas é fomentar a innovación no medio rural, en áreas prioritarias como a xestión sustentable dos recursos naturais, sistemas agrarios de produción, cadea agroalimentaria, bioeconomía ou aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) ao sector
- Os beneficiarios poden ser os agricultores, gandeiros, silvicultores e as súas organizacións representativas, así como centros de investigación, empresas do sector agrícola, gandeiro ou forestal e as súas organizacións e cooperativas agrarias e as súas asociacións, entre outras entidades

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria das axudas por parte da Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, para a execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), que contarán en 2024 cun orzamento de 2,5 millóns de euros, cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC (PEPAC) 2023-2027. O orzamento correspondente ás últimas cinco convocatorias destas axudas supera os 19 millóns de euros.

A finalidade principal destas subvencións é fomentar a innovación no medio rural, en áreas prioritarias de actuación tales como a xestión sustentable dos recursos naturais, sistemas agrarios de produción, cadea agroalimentaria, bioeconomía ou aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) ao sector.

Así, os grupos operativos -que deberán estar formados polo menos por dous membros- buscan poñer en marcha novas formas de cooperación para a execución de proxectos innovadores relacionados coa Asociación Europea de Innovación (AEI). O obxectivo último é resolver un problema ou aproveitar unha oportunidade determinada nos sectores agroalimentario e forestal.

Poderán beneficiarse destas achegas os agricultores, gandeiros, silvicultores e organizacións representativas destes, centros de investigación ou persoas que desenvolvan por conta propia a súa actividade no eido do medio rural. Tamén, empresas do sector agrícola, gandeiro ou forestal e as súas organizacións representativas, cooperativas agrarias e as súas asociacións e outras entidades que demostren intereses no fomento da competitividade da agricultura, na sustentabilidade dos recursos naturais e do clima ou desenvolvemento das economías e comunidades rurais.

Liberados de presentar avais

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para facilitar o acceso a estas axudas por parte destes beneficiarios, o Consello da Xunta acordou tamén hoxe exonerarlos da obriga de constitución de garantías polas cantidades aboadas a conta. Deste xeito, quedan liberados da obriga de presentar avais bancarios para poder cobrar pagamentos parciais.

Esta medida adóptase porque os beneficiarios destas subvencións veñen sendo industrias, cooperativas e empresas galegas de pequena dimensión, que na actual situación económica teñen grandes dificultades para que as entidades financeiras lles concedan o aval que deben achegar coa xustificación e solicitude de pagamento parcial.

Xa que logo, a decisión repercutirá positivamente sobre os beneficiarios en particular e, de modo xeral, sobre a aplicación efectiva da innovación dentro do sector agrogandeiro e forestal galego, coa conseguinte mellora para a sociedade no seu conxunto. Todo isto, tendo en conta que a transferencia de I+D+i ao sector primario beneficia tanto aos diferentes elos da súa cadea de valor como aos consumidores en xeral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DO CONSUMO DE MEXILLÓN GALEGO CERTIFICADO CONTARÁN O ANO PRÓXIMO CON 320.000 €

- O Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia para promocionar este molusco
- O acordo, polo que cada parte aporta 160.000 euros, inclúe distintas accións que se desenvolverán ao longo de 2024 para difundir a calidade deste produto e os beneficios do seu consumo entre a cidadanía
- Os prezos deste recurso continuaron a súa mellora e o ano pasado marcaron a mellor cotización media da serie histórica ao acadar os 0,68 euros o quilo

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida (DOP) Mexillón de Galicia para promocionar e mellorar a comercialización do produto certificado con este selo favorecendo así tanto o seu recoñecemento por parte da cidadanía como o aumento da demanda e dos prezos deste molusco. A Consellería do Mar realiza unha achega de 160.000 euros ao Consello Regulador, que aporta outros 160.000 euros, co que o orzamento total ao abeiro do convenio ascende a 320.000 euros.

Esta colaboración, cofinanciada a través do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa), estará vixente desde a súa sinatura a inicios de 2024 ata o 15 de decembro do ano próximo, e permitirá desenvolver distintas accións de promoción e difusión da calidade do mexillón de Galicia para mellorar os resultados do sector acuícola e das industrias relacionadas con el na comercialización, a promoción e o consumo.

Entre a ducia de actuacións previstas inclúense actividades de promoción en distintos eventos coa finalidade de dar a coñecer a variedade de formatos nos que se pode atopar (fresco, en conserva, cocido, conxelado ou pasteurizado, entre outros) e os beneficios que ten o seu consumo. A maiores, ampara iniciativas como a monitorización do rendemento do mexillón comercializado baixo a DOP co obxectivo de tomar as mellores decisións tanto na produción como na comercialización.

O convenio tamén atende á necesidade de promocionar o produto certificado entre o conxunto da cidadanía e por iso recolle accións para a súa difusión en medios de comunicación xeralistas, outras máis concretas dirixidas a determinados colectivos para dar a coñecer o produto ou a presenza de elementos de identidade corporativa en recintos deportivos ao aire libre.

A finalidade de todo este traballo de promoción é enxalzar o valor engadido do mexillón galego certificado -un produto da máxima calidade- para que acade mellores prezos no mercado. De feito, este tipo de colaboracións -que vai xa pola súa terceira edición-

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contribúen a impulsar o sector e a mellorar a produción e os resultados dos produtores na época posterior á pandemia na que esta actividade, ao igual que o conxunto da cadea mar-industria, segue a sufrir o impacto da suba dos prezos de produción a consecuencia da guerra en Ucraína e a caída no consumo a causa do veto do Goberno central á rebaixa do IVE aos produtos do mar.

Cotizacións en ascenso

Os prezos do mexillón galego manteñen unha dinámica de mellora nos últimos anos, e no pasado 2022 chegaron a marcar a mellor cotización media da serie histórica, ao situarse nos 0,68 euros o quilo percibidos polos produtores. Son 13 céntimos ou un 23,6 % máis que o rexistro xa récord que se alcanzara no 2021 (0,55 €/quilo). O obxectivo do convenio e da ducia de accións que inclúe é manter esta liña ascendente pola vía da promoción.

O fin de que poida aumentar a súa presenza nos mercados e que se incremente o seu valor, incidindo así na rendibilidade das empresas do sector e impulsando a actividade e o emprego das zonas costeiras de Galicia que contan cunha importante actividade bateeira. Das máis de 3.300 bateas repartidas polas rías da Comunidade, que xeraron en 2022 máis de 150 millóns de euros de facturación -tamén a máis alta da historia- viven na actualidade preto de catro mil persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRIBUIRÁ A COMPLETAR A FORMACIÓN DE PERSOAL AUXILIAR EN INVESTIGACIÓN MARIÑA MEDIANTE BOLSAS DE PRÁCTICAS NO CIMA DE CORÓN E RIBADEO

- O Executivo galego autorizou hoxe o compromiso de gasto para catro bolsas por máis de 94.000 € a desenvolver no Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Mar entre 2024 e 2026
- Esta medida contribuirá a preparar aos beneficiarios de cara á súa incorporación ao mercado laboral así como a avanzar nas liñas de investigación que teñen en marcha os centros do CIMA de Vilanova de Arousa e na Mariña
- Máis de medio centenar de persoas beneficiarias contaron xa con estes apoios para dar un impulso ás súas carreiras, a maior parte delas mulleres

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o compromiso de gasto plurianual para a convocatoria de catro bolsas de formación dirixidas a técnicas e técnicos de ciclos formativos de grao superior co obxectivo de que poidan completar a súa formación como persoal auxiliar de investigación mariña. Para o financiamento destas estadias a Consellería do Mar destina algo máis de 94.000 euros repartidos nas anualidades 2024, 2025 e 2026, co fin de fomentar a investigación e especialización en materia acuícola.

Estas bolsas de especialización por medio da realización de prácticas impartiranse no Centro de Investigacións Mariñas (Cima), dependente da Consellería do Mar. A Xunta de Galicia aposta pola especialización do alumnado e por facilitar o seu acceso ao mundo laboral, de aí o seu interese en sacar adiante esta convocatoria.

As catro bolsas que se convocan son para persoas con titulación técnica superior de ciclos formativos (antes denominadas FP2) que terán unha duración de dous anos cada unha (entre os anos 2024 e 2026). O importe mensual de cada bolsa será de 900 euros brutos. Está previsto que tres dos beneficiarios vaian para o Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo e o cuarto para o CIMA de Corón, en Vilanova de Arousa.

Poderán optar a estas bolsas todo o alumnado titulado como técnica ou técnico superior en Acuicultura, cun nivel de formación de profesional de grado superior na familia profesional marítimo-pesqueira. O importe de cada bolsa inclúe unha asignación mensual bruta de 900 euros e a alta no réxime xeral da Seguridade Social. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes dende o día da publicación da orde no DOG.

Esta será a octava convocatoria. Ata o momento, nas sete anteriores, foron beneficiarias destas bolsas un total de 56 persoas, cunha ampla presenza de mulleres, que chegaron a representar case o 90 % das prazas nalgunha delas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A CONVOCATORIA DE ELECCIÓN AUTONÓMICAS EN GALICIA PARA O 18 DE FEBREIRO DE 2024

- Asegura que o obxectivo é garantir que a comunidade siga sendo “referente” nas cuestións máis importantes e un modelo de estabilidade e fiabilidade
- Destaca que toma a decisión tras blindar as medidas previstas para 2024 cos orzamentos “máis altos da historia” e que estarán en vigor o 1 de xaneiro
- O decreto da convocatoria sairá no DOG o vindeiro martes

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que esta mañá trasladou ao Consello a decisión de convocar eleccións autonómicas para o domingo 18 de febreiro, logo de que Galicia fose esta mesma semana a primeira comunidade en aprobar os seus orzamentos para o vindeiro ano. O obxectivo é, segundo salientou, facer que “Galicia siga sendo como é”, unha comunidade “referente na maioría das cousas importantes” e un modelo de fiabilidade, estabilidade e credibilidade.

Rueda informou de que o vindeiro martes sairá publicado o decreto da convocatoria das eleccións autonómicas no Diario Oficial de Galicia (DOG). O presidente indicou que tomou esta decisión unha vez aprobados os orzamentos para 2024 que blindan as medidas e proxectos previstos para o vindeiro ano.

Nesta liña, destacou que se trata dos orzamentos “máis altos da historia” da comunidade -ao superar os 13.250 millóns de euros- cos que se manterán medidas nas que Galicia é referente como a gratuidade das escolas infantís, a baixada de impostos, a equiparación das familias numerosas as de dous fillos ou contar co calendario de vacinación máis completo do mundo. E permitirá aplicar novas medidas coma o bono deporte para apoiar ás familias con fillos que practican deporte federado ou en Xogade, o autobús gratuíto para os maiores de 65 anos ou o bono de 5.000 euros para as persoas con dependencia que son coidadas nos seus domicilios.

O presidente salientou que Galicia “leva 15 anos aprobando os orzamentos en tempo e forma”, o que é algo excepcional noutros territorios, e apostou por seguir traballando para manter á comunidade como “a illa de estabilidade” que é na actualidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRORROGARÁ A PARTIR DE XANEIRO O DESCONTO DO 50 % NO TRANSPORTE PÚBLICO AUTONÓMICO ANTE A INDEFINICIÓN DO GOBERNO CENTRAL

- A tan só 10 días de que finalice o ano, o Goberno galego lamenta non ter confirmación oficial de se o Goberno de España vai manter as bonificacións no autobús urbano e interurbano, no tren de cercanías e no autobús de competencia estatal
- A Xunta xa lle reclamou hai días ao Ministerio a celebración da conferencia sectorial de Transportes co fin de poder abordar coas comunidades os plans que manexa para as bonificacións no transporte público, sen que ata o de agora se teña obtido resposta
- Ante a falta de información e de iniciativa por parte do Executivo estatal, o Goberno galego decide manter os descontos vixentes no transporte público autonómico para evitar contratempos aos usuarios
- O Executivo galego vén aplicando desde o 1 de setembro de 2022 a máxima bonificación no transporte público de titularidade autonómica, incrementando nun 20 % a axuda estatal que o Goberno de España fixou nun 30 %
- Desde o 1 de setembro, os descontos do 50 % que vén aplicando a Xunta nos autobuses autonómicos, no transporte da ría de Vigo e no tren na área de Ferrol, bonificaron preto de 23 millóns de viaxes, beneficiando a máis do 77 % dos viaxeiros
- A Xunta lamenta a improvisación e a falta de planificación do Executivo estatal, que segue sen aclarar que vai pasar con estas bonificacións e coas peaxes das autoestradas estatais en Galicia, a AP-9 e a AP-53, das máis caras do Estado

O Consello da Xunta adoptou esta mañá a decisión de prorrogar a partir de xaneiro o desconto do 50 % das bonificacións no transporte público autonómico ante a indefinición do Goberno central, que non ten aclarado aínda se vai manter ou non as bonificacións estatais máis alá do 1 de xaneiro de 2024.

A Xunta vén aplicando desde o 1 de setembro de 2022 a máxima bonificación no transporte público de titularidade autonómica, incrementando nun 20 % a axuda estatal que o Goberno de España fixou nun 30 %.

Deste a súa activación, a Xunta está a realizar unha achega importante de fondos, adiantando cada 15 días as compensacións ás empresas concesionarias polos descontos aplicados, tanto o importe correspondente á Comunidade Autónoma como o comprometido pola Administración xeral do Estado.

O Goberno galego lamenta que a tan só 10 días de que finalice o ano, os usuarios non poidan ter a certeza de que o Goberno de España vai prorrogar a gratuidade nos servizos de tren nin manter as bonificacións no transporte público por estrada. En todo caso, a Xunta manifesta a súa vontade de seguir mantendo en 2024 as bonificacións do 50 % vixentes no transporte público autonómico para evitar contratempos aos usuarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego adopta esta decisión ante a falta de información e de iniciativa por parte do Executivo estatal en relación ás bonificacións nos autobuses interurbanos, de competencia autonómica, nos autobuses urbanos, de competencia dos concellos, e tamén nos autobuses de competencia estatal; e da prórroga en 2024 da gratuidade para o transporte ferroviario de cercanías, que, no seu caso, deberá vir acompañada dun incremento de servizos, frecuencias e prazas de tren.

Ante esta indefinición, o Goberno galego reclamou hai uns días ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible a celebración dunha conferencia sectorial co fin de que aborde coas comunidades autónomas os plans que manexa para as bonificacións no transporte público, mais esa solicitude non tivo resposta ata o de agora.

Desde setembro de 2022 ata o pasado mes de outubro, os descontos do 50 % no transporte público que vén aplicando a Xunta bonificaron preto de 23 millóns de viaxes, estimándose que este número roldará os 27 millóns o final de ano, beneficiando a máis do 77 % dos viaxeiros do transporte público de Galicia.

Cómpre lembrar que, ademais de no autobús autonómico a Xunta, esta bonificación do 50 % se aplica tamén no transporte da ría de Vigo, que comunica a cidade olívica cos concellos de Cangas e de Moaña; así como no ferrocarril na área de Ferrol, ao formar parte do Plan de transporte metropolitano. O desconto abrangue, ademais, os servizos urbanos de Ferrol e de Pontevedra, cidades onde o transporte público se realiza a través de concesións autonómicas.

A redución do 50 % vense aplicando ás tarifas dos bonos mensuais, así como ás viaxes aboadas coas tarxeta de Mobilidade de Galicia (TMG) e a tarxeta Xente Nova.

Estas medidas de incentivación do uso do transporte público da Xunta arroxa o balance de que entre setembro de 2022 e outubro de 2023 o número de viaxeiros medrou un 27 % con respecto ao mesmo período de 2021-2022.

En relación aos datos por provincias dos catorce meses nos que se leva aplicando os descontos do 50 % no transporte público autonómico, a da Coruña rexistrou o maior crecemento absoluto no número de viaxeiros, con 3,8 millóns máis que no mesmo período dos anos anteriores. Así e todo, os maiores incrementos porcentuais producíronse nas provincias de Lugo e de Ourense, que rexistraron un crecemento do 32 % e do 30 %, respectivamente.

A aplicación das bonificacións no transporte público autonómico supuxo un investimento público que superou os 37,75 millóns de euros de setembro de 2022 a outubro de 2023. Do total, 34,4 millóns corresponden aos descontos por pagamento coa tarxeta de Mobilidade de Galicia (TMG) e a tarxeta Xente Nova; e 3,35 millóns de euros á aplicación da rebaixa nos bonos mensuais do autobús.

O conxunto das vantaxes tarifarias ás que os usuarios acceden empregando as tarxetas de Mobilidade de Galicia, especialmente desde a aplicación da bonificación adicional do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

50 %, impulsaron o pagamento con estes dispositivos no autobús ata o 81 % do total das viaxes o no mes de outubro, fronte ao 55 % que supoñía o pagamento con tarxeta en agosto de 2022.

O desconto do 50 % nos prezos do transporte público acelerou tamén a emisión das tarxetas de Mobilidade de Galicia, ata unha media mensual de 12.100 novas tarxetas desde setembro de 2022, máis do dobre das que se viñan emitindo antes da entrada en vigor da bonificación adicional do 50 %.

A Xunta ten intensificado nos últimos anos a aposta polo transporte público, cuxos servizos están blindados cun investimento autonómico de 100 M€ ao ano.

O Goberno galego lamenta a improvisación e a falta de anticipación do Executivo estatal, que continúa sen aclarar, ademais de que pasará cos descontos do autobús, que vai suceder coas tarifas das peaxes estatais en Galicia, a AP-9 e a AP-53, que son das máis caras do Estado e, de non adoptarse medidas, sufrirán o 1 de xaneiro de 2024 unha nova suba.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ NO PRÓXIMO ANO 220.000 EUROS PARA APOIAR O FOMENTO DAS RAZAS AUTÓCTONAS GALEGAS A TRAVÉS DAS ASOCIACIÓNS DE CRIADORES

- A finalidade destas achegas é apoiar a creación ou mantemento dos libros xenealóxicos, e as actuacións que se deriven do desenvolvemento do programa de cría oficialmente aprobado para a raza
- As axudas están cofinanciadas con fondos propio do goberno autonómico e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cunha distribución que se estima nun 80% para a provincia de Ourense e un 10% tanto para A Coruña como Lugo
- O fomento destas razas autóctonas contribúe á preservación da cultura local e ao desenvolvemento económico da comunidade rural galega

O Consello da Xunta avaliou hoxe unha nova convocatoria de axudas para o fomento das razas autóctonas galegas no 2024, que se concederán a organizacións e asociacións de criadores de razas autóctonas galegas, recoñecidas pola Comunidade Autónoma de Galicia. As entidades que se poderán beneficiar son aquelas oficialmente recoñecidas para a xestión do Libro Xenealóxico das razas bovinas cachena, caldelá, frieiresa, limiá e vianesa; a ovella galega; o porco celta; o cabalo de pura raza galega e a galiña de Mos.

A convocatoria conta cun financiamento de 220.000 euros para o ano 2024, procedentes dos orzamentos xerais tanto da Xunta, como do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA). A distribución será de 181.429 euros aportados polo ministerio e 38.571, por parte da Xunta. Estímase que a distribución territorial do orzamento sexa dun 80% para Ourense e un 10% tanto para A Coruña como para Lugo. Serán subvencionables a creación ou mantemento dos libros xenealóxicos, e as actuacións que se deriven do desenvolvemento do programa de cría oficialmente aprobado para a raza

Estas achegas concédense dende o ano 2009 e xa suman un investimento de máis de 4 millóns de euros para continuar co fomento destas razas autóctonas. Na última convocatoria ampliouse o seu orzamento ata os 220.000 euros, cifra que se manterá no vindeiro 2024.

Os obxectivos que se perseguen con esta convocatoria de axudas son acadar unha explotación sostible dos recursos autóctonos e o mantemento da súa rendibilidade; a recuperación da variabilidade xenética das razas autóctonas de Galicia, e a súa potenciación de ser o caso; a diversificacións das actividades económicas no medio rural e favorecer a fixación de rendas complementarias a través da produción con estas razas; o aproveitamento dos recursos naturais e o apoio e difusión da mellora xenética destas razas.

Estas axudas non só teñen beneficios para a biodiversidade, senón que contribúen á preservación da cultura local e ao desenvolvemento económico da comunidade rural galega. Manter medidas de apoio a estas razas tamén permite que se constrúan sistemas agrícolas máis resilientes e sostibles.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Segundo o censo, con data do 31 de decembro de 2022, en Galicia hai 6.029 vacas de raza cachena, 2.958 de vianesa; 1.626 de caldelá; 1.577 de limiá; 947 de frieiresa; 5.385 de ovella galega; 4.173 de porco celta; 2.098 de cabalo de pura raza galega; e de 21.466 exemplares de galiña de Mos.